



17- ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR DEREITOS DE EXAME.

Artigo 1. Obxecto

Esta Ordenanza dítase ao abeiro do disposto no artigo 57 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co obxecto de recoller tódalas especificacións e singularidades que non son recollidas nin neste texto legal nin na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público locais (en diante OX) deste Concello.

Artigo 2. Normas sobre a xestión da taxa

Todo o relativo á xestión específica deste tributo aterase ao disposto no artigo 16 da OX do Concello do Carballiño, así como nos restantes artigos sobre aprobación de padróns, calendario fiscal, exposición pública, anuncios de cobranza, altas nos rexistros, notificacións administrativas, procedemento de revisión, suspensión do procedemento, devolución de ingresos indebidos, xestión recadatoria e inspección, así como na normativa legal vixente

En concreto para esta taxa, se especifican as regulacións seguintes:

- constitúe o feito impositivo da taxa por dereitos de exame, a concorrencia a postos selectivos convocados por este concello para cubrir prazas vacantes nos cadros de persoal de funcionarios ou de persoal laboral, mediante concurso, concurso oposición ou oposición, de carácter libre.

Artigo 3. Cota tributaria

1. A cota tributaria determínase por unha cantidade fixa sinalada en función de grupo en que se atopen encadradas as correspondentes prazas dentro do cadro dos funcionarios, ou asimilados a este dentro do cadro de persoal laboral, en función da titulación esixida para ter acceso a aquelas, de conformidade coa tarifa contida no apartado seguinte.

2. A tarifa da taxa será a seguinte:

| | | BONIFICACIÓNS | |
|--------------|---------|------------------|-------------------------|
| | | Familia numerosa | Familia numerosa |
| | | 50% | categ. especial 100% |
| a) grupo A1, | 21,61 € | 10,80 € | 0,00 € |
| b) grupo A2, | 16,20 € | 8,10 € | 0,00 € |
| c) grupo B, | 12,95 € | 6,47 € | 0,00 € |
| d) grupo C1, | 10,80 € | 5,40 € | 0,00 € |
| e) grupo C2, | 8,70 € | 4,35 € | 0,00 € |



| | | | |
|---------------------------|--------|--------|--------|
| f) agrupación profesional | 5,40 € | 2,70 € | 0,00 € |
|---------------------------|--------|--------|--------|

BONIFICACIÓNS

| | 50%: Demandantes de emprego | 100%: Persoas con discapacidade ≥ 33% |
|---------------------------|-----------------------------------|--|
| a) grupo A1, | 10,80 € | 0,00 € |
| b) grupo A2, | 8,10 € | 0,00 € |
| c) grupo B, | 6,47 € | 0,00 € |
| d) grupo C1, | 5,40 € | 0,00 € |
| e) grupo C2, | 4,35 € | 0,00 € |
| f) agrupación profesional | 2,70 € | 0,00 € |

Artigo 4. Documentación a achegar para acceder aos beneficios fiscais:

4.1. As persoas que desexan acollerse ás bonificacións recollidas nos anteriores apartados deberán achegar xunto coa correspondente solicitude a documentación que a continuación se relaciona:

a) **Familia numerosa:** Copia cotexada do libro de familia e título acreditativo de familia numerosa

b) Bonificación do 50 % da cota ás persoas que figuren como **demandantes de emprego dende polo menos 6 meses antes á da convocatoria**, serán requisitos necesarios para gozar desta bonificación que acrediten as condicións seguintes:

1. Que non estea na percibir prestación ou subsidio por desemprego. Acreditándose esta circunstancia mediante certificación expedida pola oficina de emprego na que conste as datas na que o aspirante figura como demandante de emprego, así como que conste que a data da solicitude non percibe prestación ou subsidio por desemprego.
2. Non posuír a unidade familiar, ingresos superiores ao salario mínimo interprofesional.
3. Non ser propietario ou usufrutuario de bens rústicos ou urbanos (agás a propia vivenda se o seu valor catastral non supera os 24.040,48 euros) nin titulares no exercicio de actividades suxeitas ao IAE.

c) Bonificación do 100% da cota para as **persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%**, sempre que acrediten as condicións seguintes:



1. Circunstancia que deberá acreditarse coa copia compulsada do certificado de discapacidade ou da Resolución pola que se lle declara a incapacidade permanente total
2. Non posuír a unidade familiar, ingresos superiores ao salario mínimo interprofesional.
3. Non ser propietario ou usufrutuario de bens rústicos ou urbanos (agás a propia vivenda se o seu valor catastral non supera os 24.040,48 euros) nin titulares no exercicio de actividades suxeitas ao IAE.
4. A presente tarifa incrementarase en 7,55 € cando as probas selectivas impliquen recoñecemento médico.
5. Para os contratos de duración igual ou inferior a 6 meses a cota tributaria por dereitos de exame será 0€.

4.2. Poderá esixirse en calquera momento a ampliación da documentación acreditativa das diferentes circunstancias que puntúan no baremo de bonificación das taxas.

4.3. A omisión, falsidade dos datos o dos documentos achegados serán causa de denegación, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.

4.4. Será requisito previo para a concesión dunha bonificación ou exención tributaria que o suxeito pasivo beneficiario non teña débedas pendentes do pagamento co Concello. Para inadmitir a bonificación ou exención, a débeda deberá estar en vía executiva (unha vez ditada providencia de prema) e acreditarase pola oficina de recadación municipal. Nos supostos de solicitude de fraccionamento, adiamento ou suspensión da de débeda en vía executiva, a resolución estimatoria da solicitude permitirá a admisión de peticións de bonificacións ou exencións, se ben o incumprimento de calquera dos prazos ou fraccións outorgadas dará lugar á perda automática do beneficio fiscal.

4.5. O suxeito pasivo beneficiario de calquera exención ou bonificación tributaria deberá comunicar calquera variación que se produza nas circunstancias da súa concesión.

4.6. Agás que a lei dispoña outra cousa, tales beneficios deberán instarse ó tempo de efectuar a declaración tributaria ou nos prazos establecidos na respectiva Ordenanza. Transcorridos ditos prazos, perderase o dereito a solicitar o beneficio fiscal para o exercicio correspondente.

Disposición Final. Entrada en vigor e comezo de aplicación da ordenanza.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a rexer o día un de xaneiro do ano 2017, permanecendo en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

- Aprobación provisional:



-- sesión do Pleno: 29/09/2016

-- publicación:

*** BOP nº. 230 do 05/10/2016**

*** Diario "La Región" do 01/10/2016**

- Aprobación definitiva:

-- modificación do artigo 3 (Cota tributaria) regulando novas bonificacións, engádese un apartado b) ao artigo 4.1, e modificación da Disposición Final.

-- sesión do Pleno: 01/12/2016

-- publicación:

*** BOP nº. 283 do 12/12/2016**

*** Diario "La Región" do 12/12/2016**

-- entrada en vigor: 01/01/2017